Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Medidas de centralización e dispersión.</li> <li>- Cálculo, interpretación e obtención de conclusións razoadas.</li> <li>- Uso das ferramentas tecnolóxicas adecuadas a cada situación.</li> <li>- Comparación de dous conxuntos de datos atendendo ás súas medidas de centralización e de dispersión.</li> <li>- Elaboración das representacións gráficas máis adecuadas mediante diferentes ferramentas tecnolóxicas (calculadora, folla de cálculo, aplicacións...).</li> <li>- Probabilidade.                         <ul style="list-style-type: none"> <li>- Fenómenos deterministas e aleatorios. Sucesos.</li> <li>- Aproximación á probabilidade a través das frecuencias relativas.</li> <li>- Asignación de probabilidades mediante a regra de Laplace e técnicas de reconto.</li> </ul> </li> <li>- Toma de decisións de experimentos simples en diferentes contextos.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
12	Os cambios na materia. As reaccións químicas.	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA7.1 - Identificar e comprender fenómenos naturais relevantes, a partir de teorías, leis e principios científicos adecuados como estratexia na toma de decisións fundamentadas.		PE	100
CA7.1.3. - Comprender as reaccións químicas sinxelas utilizando a Teoría de colisións.	Comprender as reaccións químicas sinxelas.		
CA7.2 - Elaborar representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas.			
CA7.2.2. - Realizar experiencias de laboratorio nas que teñan lugar reaccións de síntese, combustión e neutralización, interpretando os fenómenos observados.	Realizar experiencias de laboratorio nas que teñan lugar reaccións de síntese, combustión e neutralización.		
CA7.3 - Atopar a solución dun problema utilizando os datos e información achegados, os propios coñecementos e as estratexias e ferramentas apropiadas.			
CA7.3.2. - Realizar cálculos estequiométricos sinxelos resolvendo diferentes problemas.	Realizar cálculos estequiométricos sinxelos.		
CA7.4 - Comprobar a corrección das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto exposto.	Comprobar a corrección das solucións dun problema.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Reaccións químicas.</li> <li>- Ecuacións químicas sinxelas: interpretación cualitativa e cuantitativa. Cálculos estequiométricos sinxelos e interpretación dos factores que lles afectan.</li> <li>- Descrición cualitativa de reaccións químicas de relevancia no mundo cotián, incluíndo as combustións, as neutralizacións e procesos electroquímicos sinxelos, comprobando experimentalmente algúns dos seus parámetros.</li> <li>- Análise de aspectos enerxéticos e cinéticos das reaccións químicas, aplicando a teoría de colisións, para explicar a reordenación dos átomos e realizar predicións relativas a procesos cotiáns importantes.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
13	Xeometría e transformacións.	28

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Elaborar representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas.	Elaborar representacións que axuden na procura dunha solución problematizada coa xeometría, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas.	PE	100
CA3.2 - Atopar a solución dun problema utilizando coñecementos, datos e información achegados, estratexias e ferramentas apropiadas.	Atopar a solución dun problema utilizando o cálculo de áreas interpretando os datos e a información achegados.		
CA3.3 - Analizar e interpretar información científica e matemática presente na vida cotiá mantendo unha actitude crítica.	Analizar e interpretar información científica e matemática relacionada coa xeometría presente na vida cotiá mantendo unha actitude crítica.		
CA3.4 - Aplicar procedementos propios das ciencias e das matemáticas en situacións diversas establecendo conexións entre distintas áreas de coñecemento en contextos sociais.	Aplicar coñecementos xeométricos en situacións diversas establecendo conexións entre distintas áreas de coñecemento en contextos sociais.		
CA4.1 - Elaborar representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas.	Elaborar representacións que axuden na procura dunha solución problematizada con movementos e transformacións, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas.		
CA4.2 - Organizar e comunicar información científica e matemática de forma clara e rigorosa de maneira verbal, gráfica, numérica etc. utilizando o formato máis adecuado.	Organizar e comunicar información científica e matemática de forma clara dando resposta a cuestións relacionadas coas transformacións elementais.		
CA4.3 - Aplicar procedementos propios das ciencias e das matemáticas en situacións diversas establecendo conexións entre distintas áreas de coñecemento en contextos sociais.	Aplicar procedementos propios das transformacións elementais en situacións diversas establecendo conexións entre distintas áreas de coñecemento en contextos sociais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estimación e relacións.</li> <li>- Toma de decisión xustificada do grao de precisión en situacións de medida.</li> <li>- Estimación ou cálculo de medidas indirectas, usando diferentes estratexias, en formas e obxectos da vida cotiá.</li> <li>- Medición.</li> <li>- Dedución, interpretación e aplicación das principais fórmulas para obter áreas, volumes e capacidades en formas tridimensionais.</li> <li>- Equivalencia entre medidas de volume e capacidade.</li> <li>- Uso de representacións planas de obxectos tridimensionais para cálculo de áreas e a súa aplicación na resolución de problemas.</li> <li>- Uso de instrumentos de debuxo e ferramentas dixitais para modelizar e representar obxectos xeométricos con propiedades fixadas, como as lonxitudes de lados ou as medidas de ángulos.</li> <li>- Movementos e transformacións.</li> <li>- Análise de transformacións elementais como xiros, translacións e simetrías en situacións diversas utilizando</li> </ul>

## Contidos

- ferramentas tecnolóxicas ou manipulativas.
- Investigación das transformacións elementais na vida cotiá con ferramentas tecnolóxicas como programas de xeometría dinámica, realidade aumentada etc.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Para o desenvolvemento desta materia, seguirase a seguinte metodoloxía:

As sesións teóricas intercalaranse con sesións de resolución de cuestións e problemas, con lecturas de diversos textos relacionadas cos contidos que se vaian tratando, con sesións de repaso mediante presentacións de PowerPoint, e co manexo de diversas páxinas web.

Intentarase achegar os contidos á realidade próxima do alumnado, mediante exemplos relacionados coa vida cotiá e a realización de prácticas de laboratorio (cando sexa posible), nas que se empreguen, materiais e reactivos dispoñibles no laboratorio do centro ou caseiros.

Apostarase por unha metodoloxía activa e participativa centrada no interese do alumnado realizando un seguimento o máis personalizado posible.

Coa metodoloxía aplicada tentarase contribuír a desenvolver a competencia científica do alumnado e capacitalo para construír e aplicar os coñecementos de forma autónoma, creativa, responsable e crítica (tanto no plano persoal da vida cotiá como no social da participación cidadá).

O ámbito Científico -Tecnolóxico está secuenciado en 13 unidades didácticas que se van intercalando e nas que se desenvolven as tres materias constituíntes (Matemáticas, Bioloxía e Xeoloxía e Física e Química). Ademais, consta dunha primeira unidade didáctica que será impartida de maneira transversal ao longo de cada unha das 12 unidades didácticas restantes.

Dada a plasticidade do ámbito o profesor poderá dar simultaneamente as UD's dedicándolle un peso proporcional semanal/trimestral conforme ás sesións que figuran en PROENS.

#### \* PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

No proceso de ensinanza e aprendizaxe téñense que asegurar distintos tipos de aprendizaxe:

1º: Aprendizaxe significativa. Partindo dos coñecementos previos, as alumnas e os alumnos teñen que ser quen de aprender a aprender, para poder establecer relacións entre a materia e a súa propia realidade.

2º: Aprendizaxe funcional. Os novos contidos deberán ser empregados polo alumnado cando así estes o precisen. Para iso débese facer unha memorización comprensiva e razoada.

3º: Aprendizaxe cooperativa. Traballar a materia en grupo, no laboratorio, no desenvolvemento de proxectos de investigación ou mediante debates, aumentará o interese pola mesma.

4º: Aprendizaxe mediante o emprego das novas tecnoloxías. Coa utilización de Internet, de vídeos divulgativos e do encerado dixital, que será utilizado como apoio constante ás explicacións.

#### \* TIPOS DE ACTIVIDADES E PROXECTOS

A metodoloxía didáctica adaptarase ás características de cada alumna/o, favorecendo a súa capacidade para aprender por si mesma/o e para traballar en equipo, iniciándoo no coñecemento da realidade de acordo cos principios básicos do método científico. Ademais terase en conta:

- Incorporación da dimensión práctica ás áreas.
- Fomentar o traballo en equipo.
- Fomentar a capacidade de autonomía do alumnado e desenvolver a capacidade de aprender a aprender.

#### \* DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES

O fío condutor que se seguirá á hora de desenvolver as distintas unidades didácticas será o seguinte:

- Introdución á unidade didáctica.
- Análise dos coñecementos previos do alumnado.
- Exposición de contidos e desenvolvemento da unidade.
- Resumo e síntese dos contidos da unidade.

#### \* TIPOS DE AGRUPAMENTOS

As diversas formas de agrupamento que se utilizarán, divídense en tres tipos:

- Gran grupo.
- Equipos de traballo cooperativo.
- Traballo individual.

#### \* CONTRIBUCIÓN A PLANS E PROXECTOS

Preténdese realizar unha adecuada contribución ao plan de lectura e ao plan de biblioteca, coa proposta de lectura voluntaria de distintos libros relacionados coa materia, así como coa lecturas de artigos xornalísticos e textos do libro do alumno/a.

Así mesmo, contribuirase ao plan dixital coa proxección de vídeos, traballos na aula de informática, clases expositivas empregando presentacións dixitais, avaliacións interactivas e kahoots.

Contribuiranse tamén ao plan de actividades físicas e hábitos saudables ao facer fincapé durante toda a materia da importancia de adoptar hábitos que promovan o deporte así como a prevención de doenzas físicas e mentais.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais impresos: - Xornais, revistas científicas e textos para o tratamento e a ampliación de información. - Esquemas mudos, táboas e gráficas para aplicar os contidos traballados. - Rúbricas, listas control e escalas de estimación, para o seguimento do proceso.
Materiais visuais: - Pantalla dixital, pizarra e rotulador para as explicacións e exposicións. - Modelos clásicos para observar a estrutura da Terra, os átomos, moléculas...
Novas tecnoloxías: - Uso de aplicacións web como YouTube, ferramentas de presentacións como Power Point e aparellos tecnolóxicos como o canón de proxección para apoiar as explicacións. - Uso de navegación por Internet, distintos tipos de software, do traballo na nube e ordenadores para a procura de información, a realización de actividades con ferramentas tecnolóxicas didácticas e para as rúbricas de coavaliación.
Laboratorio de ciencias, biblioteca e recursos independentes do centro (onde terán lugar as posibles actividades complementarias/extraescolares).
Caderno do alumno/a
Actividades de consolidación, reforzo e ampliación
Aula de informática

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cunha pantalla dixital e un encerado tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo en parellas ou grupal.

O espazo empregado para as clases prácticas será o laboratorio de ciencias, dotado do instrumental e materiais presentes de xeito habitual nun laboratorio escolar.

No que se refire ás ferramentas que centrarán o traballo do alumnado na aula, as principais serán tanto a aula do programa edixgal, a través dos ordenadores individuais, como o libro de texto, entregado ao alumnado, polo Departamento de Bioloxía e Xeoloxía, así como o caderno, recurso indispensable que será solicitado periodicamente para a súa avaliación.

O alumnado gardará e clasificará trimestralmente non só todos aqueles documentos impresos que lle sexan entregados ao longo do curso, senón tamén os xerados por eles mesmos. Entre os recursos impresos mencionados destacan as fichas de comprensión lectora, as fichas de actividades de consolidación e as actividades de reforzo e de ampliación específicas para cada alumno.

Entre os recursos didácticos vanse utilizar:

- Aula edixgal.
- O libro de texto .
- Presentacións con fotografías e debuxos de células, animais, vexetais, virus, fórmulas etc.
- Vídeos explicativos que complementen as explicacións de diferentes fenómenos.
- Libros de apoio do departamento de Bioloxía e Xeoloxía. Guías de plantas, animais, rochas, minerais e fósiles .
- Bibliografía de consulta na aula, e na biblioteca do centro
- Uso das TIC para a búsqueda de información e realización de diversos traballos
- Material de laboratorio xeral. Aparatos de medida . Diversos produtos químicos.
- Microscopio e lupa binocular.
- Preparacións microscópicas.
- Colección de rochas, minerais e fósiles.

Os materiais que se van a utilizar terán que axustarse a un conxunto de criterios nos que debe terse en conta o seguinte:

- Adecuación ao contexto educativo do centro .
- Correspondencia dos Obxectivos propostos na programación.
- Coherencia dos contidos cos Obxectivos e incluso cos temas transversais.
- Acertada progresión dos contidos e Obxectivos e a súa correspondencia co nivel e a lóxica da materia.
- Adecuación aos criterios de avaliación .
- Variedade de actividades, tendo en conta as diferencias individuais .
- Claridade de amenidade gráfica e expositiva .
- Existencia doutros recursos que facilitan a tarefa educativa.

Por último utilizarase o exterior do centro e a súa contorna, na que se farán varias actividades complementarias e extracolares.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias e contidos básicos. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como o seu coñecemento das destrezas da materia así como posibles dificultades de aprendizaxe. A dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias.

Os resultados da dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>40</b>	<b>7</b>	<b>5</b>	<b>5</b>	<b>7</b>	<b>5</b>	<b>5</b>	<b>5</b>	<b>4</b>	<b>5</b>
<b>Proba escrita</b>	0	100	100	100	100	100	100	100	100	100
<b>Táboa de indicadores</b>	100	0	0	0	0	0	0	0	0	0

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>5</b>	<b>2</b>	<b>5</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	100	100	100	<b>60</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	0	0	0	<b>40</b>

#### Criterios de cualificación:

Ao longo de cada unidade didáctica realizaranse ,como mínimo ,dúas probas escritas cos contidos específicos asociados aos criterios de avaliación.En cada unha das tres avaliacións, realizarase unha media aritmética das notas das probas escritas. Esta media, representará o 60% da nota da avaliación.

O outro 40%, ven definido ,entre outros criterios, polos criterios de avaliación pertencentes ao Bloque 1 ,que se

recollen nas táboas de indicadores . Estes criterios de avaliación, estarán asociados a distintas rúbricas ,listas de cotexo e pequenas probas escritas, que se analizarán en distintos procedementos de avaliación ao longo de todas as unidades.Mediante táboas de indicadores valorarásen:

- Prácticas de laboratorio
- Traballos cooperativos
- Traballos individuais
- Caderno de aula
- Proxecto científico
- Actitudes, valores e normas.
- Actividades de consolidación
- Actividades de reforzo
- Actividades de ampliación

Polo tanto, os pesos para o cálculo da nota final en cada avaliación estarán representados por:  
60% probas escritas.

40% táboas de indicadores e pequenas probas escritas.

A nota mínima que é necesario obter en todas estas actividades (tanto probas escritas como táboas de indicadores) será de 3,5 ,para que a media do alumno na avaliación poida chegar a ser de 5 .A nota de cada avaliación deberá ser ,como mínimo ,de 4 ,para que o alumno poida aprobar a materia.A nota da avaliación final será calculada como a media aritmética das notas das tres avaliacións parciais.A nota final calcularáse coa media aritmética das notas das avaliacións do alumno/a e deberá ser ,como mínimo, dun 5 ,para aprobar a materia.

-Tómase como criterio que: cando a nota media sexa decimal, otorgarase o número enteiro inmediatamente inferior ao non superar as seis décimas, así ,por exemplo, unha nota igual ou inferior a 6,6 será cualificada como 6.

A nota media final obtida poderá ser menor ca nota da terceira avaliación, xa que é unha media de todo o curso escolar onde os contidos tratados son diferentes. Valorarásen a traxectoria e a evolución do alumno.

- Os alumnos/as que non se presenten ós exames, prácticas, propostas polo Departamento serán cualificados coa mínima nota que autorice a lexislación, agás que:

Padezan doenza de tipo físico ou psíquico, aportando xustificación médica oficial .

Imprevistos que teñan que atenderse de xeito inexcusable por coincidir coa data do exame ( O Departamento determinará en cada caso, por maioría dos seus membros, que imprevistos son xustificables ).

- O alumno/a que copie, altere, ou extrávie un exame :

Será cualificado coa mínima nota que autorice a lexislación.

Terá que superar as probas específicas que se determinen, respectando sempre os contidos , procedementos e obxectivos da programación.

### **Criterios de recuperación:**

Cando un alumno/a non supere unha avaliación, deberá realizar actividades de reforzo e realizaráselle unha proba escrita na que se examinará de todos os contidos impartidos na respectiva avaliación, independentemente de que tiveran algunha parte superada.

As actividades realizadas ao longo da avaliación non se esixirán no caso de que fosen presentadas no seu debido momento.Se o alumno/a non superou a avaliación debido á ter notas de traballos ou actividades, inferiores a 3,5, deberá realizar as actividades de recuperación establecidas pola profesora.

Os estudantes serán calificados seguindo os criterios de avaliación fixados para esa avaliación, tal e como se describiu anteriormente nos criterios de cualificación.

Realizarase unha proba escrita de recuperación final para os alumnos/as que aínda teñan unha parte da materia non superada, por ter 1,2 e/ou as 3 avaliacións suspensas.Ditos alumnos realizarán,para preparar esta proba, actividades de apoio, reforzo, recuperación e ampliación . Esta proba realizarásen antes da avaliación final para poder acadar un aprobado na materia , axustarásen aos contidos impartidos e serán preguntas independentes das respectivas avaliacións non superadas. Os estudantes serán calificados exclusivamente coa nota que obteñan nela, que deberá ser de 5 puntos ou máis para darse por superada a materia e baixo criterio do docente atendendo as particularidades do alumno e as actividades de apoio, de reforzo e ampliación. A nota máxima que se poderá obter na proba escrita de recuperación do final do curso escolar será a do porcentaxe marcado para as probas escritas en cada un dos cursos correspondentes. Exemplo: se as probas escritas conforman o 60% da nota, a nota máxima que poderá obter o alumnado será dun 6.

Ademáis, poderán presentarse a esta proba final de xuño aqueles alumnos e alumnas que por algunha razón xustificada (enfermidade, accidente, convalecencia hospitalaria ou en domicilio) non haxa podido examinarse durante as avaliacións ordinarias, sendo avaliados da totalidade da materia ou ben daquelas partes das que non dispoñen de cualificación, según cada caso particular.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo serán deseñadas de xeito específico actividades en cada unha das unidades didácticas (enunciados curtos, unir, completar, ordenar, sinalar...), así como probas escritas adaptadas ás súas características específicas. Estas probas, se ben presentarán os mesmos contidos en concordancia cos criterios de avaliación, estarán formuladas de xeito máis directo e compostas por cuestións análogas ás anteriormente comentadas. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión da lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13
ET.1 - Comprensión da lectura	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X

**Observacións:**

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

**7.2. Actividades complementarias**

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charlas divulgativas.	Charlas de distintas temáticas científicas.	X		
Visita ao MUNCYT	Visita ao museo MUNCYT para apreciar a aplicación das ciencias en diversos ámbitos coñecemento.		X	
Limpeza dunha praia	Actividade relacionada coa ecoloxía e adopción de hábitos sostibles.			X

**Observacións:**

Faranse tamén actividades relacionadas coas seguintes conmemoracións:

- Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia
- Día Mundial contra o Cancro
- Día da Ciencia en Galego

**8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro**

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Distribúo o tempo adecuadamente: breve tempo de exposición e o resto do mesmo para actividades que o alumnado realice na clase.



Comprobo, de diferentes modos que o alumnado comprendeu a tarefa que deben realizar.
Controlo frecuentemente o traballo do alumnado.
<b>Metodoloxía empregada</b>
Propoño situacións introdutorias previas á unidade que se vai a traballar (traballos, diálogos, lecturas...).
Manteño o interese do alumando partindo das súas experiencias, cunha linguaxe clara e adaptada.
Estruturo e organizo os contidos dando unha visión xeral de cada tema (mapas conceptuais, esquemas, que teñen que aprender, o que é mais importante).
Propoño actividades que aseguran a adquisición das aprendizaxes previstas e as habilidades e técnicas instrumentais básicas.
Propoño ao meu alumnado actividades variadas.
<b>Medidas de atención á diversidade</b>
Reviso e corrijo as actividades propostas.
Propoño actividades de reforzo e ampliación.
Teño en conta o nivel de habilidades do alumnado, os seus ritmos de aprendizaxes, a posibilidades de atención, etc, e en función deles, adapto os distintos momentos do proceso de ensino aprendizaxe.
<b>Clima de traballo na aula</b>
Favorezo a elaboración de normas de convivencia coa aportación de todos e reacciono de forma ecuánime ante situacións conflitivas.
Fomento o respecto e a colaboración entre as/os alumnas/as e acepto as súas suxerencias e aportacións, tanto para organización das clases, como para as actividades de aprendizaxe.
<b>Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais</b>
Coordínome cos outros profesionais para modificar e/ou adaptar os contidos, actividades, metodoloxía e recursos aos diferentes ritmos e posibilidades de aprendizaxe.
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado.

### **Descrición:**

A persoa docente realizará unha avaliación do proceso de ensino e da súa propia práctica docente, polo menos, unha vez ao mes. Deixarase constancia da dita avaliación así como das posibles modificacións ou propostas de mellora nas correspondentes actas mensuais de departamento.

Xunto co anterior, de ser posible, farase unha avaliación trimestral dos indicadores de logro sinalados, de cara a ter unha información concreta e fiable sobre o proceso do ensino e a practica docente. Empregaranse diferentes instrumentos de avaliación (listas de control, actas de avaliación...) e os resultados obtidos se incluírán, no seu caso, nas correspondentes actas de departamento.

De cara a reflectir a comunicación realizada da información, será suficiente con que o profesorado titor así o faga constar nas correspondentes actas dedepartamento en cada unha das actas posteriores ás da xunta de avaliación parcial; neste centro a comunicación da información será, polo xeral, a través dunha pequena xuntanza, podendo ampliarse esta a través de comunicación electrónica.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación didáctica levarase a cabo a través da aplicación Proens, cando menos, unha vez ao mes. Cómpre destacar a importancia da valoración dos datos recollidos na programación de aula de cara a comprobar o desenvolvemento da actividade lectiva (esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación).

Este procedemento terá en conta os seguintes puntos:

1. Analizarase regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso. Terase en conta, cando menos, informar sobre o seguinte:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
- Unidades didácticas: datas de inicio e fin, número de sesións previstas e realizadas.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Analizaranse as dificultades atopadas no alumnado. Valorarase se os resultados son positivos (continuarase na mesma liña de traballo) ou negativos (realizaranse propostas de mellora).

3. Realizaranse propostas de mellora. Revisaranse as necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, adaptación curricular etc.) tomando como referencia a información obtida de aplicar indicadores como:

- O ofrecemento ao alumnado, de forma individualizada, das explicacións que precise.
- A elaboración das actividades atendendo ás dificultades observadas.
- A proposta de probas de avaliación de distinta dificultade.
- O comentario co alumnado dos erros máis significativos dos traballos realizados.

A información que se obteña incluírase na memoria final da área, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico. As ditas propostas de mellora reorientarán e modificarán a nova programación, se é o caso, e mesmo poderán poñerse en práctica aquelas propostas de mellora identificadas durante o seguimento susceptibles de aplicación no curso actual.

## 9. Outros apartados